

## CONTIDOS

### PÁXINA 1

Intercambio con Montefiascone - Viterbo

Semana Branca en Jaca

### PÁXINA 2

Outras actividades  
Concursos e teatro para o alumnado de cultura clásica

Teatro e Casa Museo de Pardo Bazán

Coñecemos a industria da nosa contorna

Tres novos concursos convocados polo ENDL

A nosa biblioteca  
Encontro con Andrea Maceiras

### PÁXINA 3

Un Entroido de conto  
O primeiro certame de ensaio xa ten gañadoras

Visitamos a planta potabilizadora da Telva  
Peperetadas do noso Entroido

### PÁXINA 4

Outras Visitas:  
Arquivo do Reino de Galicia, Porto da Coruña, Instalacións de La Voz de Galicia, patinaxe sobre xeo e Casa das Ciencias.

Gráfica de resultados da 2ª avaliación

Palabras de Juan Fandiño, director do centro: XXI Semana Cultural

## INTERCAMBIO CON MONTEFIASCONE- VITERBO



Dende hai anos o IES de Curtis vén mantendo un intercambio cultural co ISIS Dalla Chiesa, de Montefiascone- Viterbo, e no Entroido marchamos coñecer Italia.

O centro deste país é de orixe volcánica cuns fermosos lagos nos que salienta o de Bolsena. É unha zona turística pola beleza da súa paisaxe mediterránea coa mítica triloxía de oliveira, vide e cereal. Mais non podemos esquecer os carballos e piñeiros que nos lembran a nosa terra e nos remiten ao pasado romano. Este é o norte do Lazio e a Umbría: a Italia medieval, de impresionantes igrexas e edificios nos altos dos outeiros. Unha viaxe inesquecible.



## SEMANA BRANCA EN JACA

Un grupo de 50 alumnos e alumnas de 3º, 4º ESO e 1º bacharelato viaxamos a Jaca e gozamos dunha semana de neve na estación de Astún. As pistas estaban fantásticas, aínda que o sol só se deixou ver nunha ocasión.

Esta foto foi quitada o último día. Estamos extenuados e os corpos piden asento.

## OUTRAS ACTIVIDADES:

Concerto didáctico The telephone, RFG no Auditorio de Santiago de Compostela para o alumnado de 3º, 4º ESO e 1º bacharelato. Organiza Departamento de Música.

O alumnado de Informática e Electricidade visitou a central de R e o MUNCYT. Organizan os Departamentos de Electricidade e Informática.

Visita do alumnado de 2º de Bacharelato Científico a SGL Carbón, o primeiro produtor de electrodos de grafito. Organiza o Departamento de Física e Química.

O alumnado de 2º bacharelato visitou EDUGAL, en Pontevedra. Organiza Departamento de Orientación.

Os perigos da Internet, charla impartida por persoal especializado da Garda Civil a 1º e 2º ESO. Organiza Departamento de Orientación.

Prevención de drogas, charla impartida por persoal especializado da Garda Civil a 3º e 4º ESO. Organiza Departamento de Orientación.

Charla informativa impartida pola Escola Superior de Hostalaría de Galicia para o alumnado de 2º bacharelato. Organiza Departamento de Orientación.

## CONCURSOS E TEATRO PARA O ALUMNADO DE CULTURA CLÁSICA

Na primeira semana de febreiro o alumnado de Cultura Clásica, Latín e Grego do noso IES participou, a través da Rede, no Concurso Odisea, organizado pola SEEC de Galicia, que nesta edición trataba sobre o teatro en Grecia e Roma. Se ben foron 3 os equipos do noso centro que se clasificaron, só un equipo de cada centro podía asistir á fase de desempate a nivel autonómico, celebrada no IES Eduardo Pondal de Santiago. O equipo que asistiu foi o formado por Deborah Dos Santos e Sara Corral de 4º ESO-B, aínda que finalmente non se clasificou.

Ademais, en colaboración coa biblioteca do centro, promoveuse, para conmemorar o Día dos namorados, o concurso Amor omnia vincit, sobre mitos de amor da antigüidade clásica.

E a finais de marzo, o alumnado asistiu a unha nova edición do Festival de Teatro Grecolatino celebrado en Lugo, onde puido ver en directo a representación da traxedia Las troyanas, de Eurípides e da comedia Las assembleístas, de Aristófanes.

## TEATRO E CASA MUSEO DE PARDO BAZÁN: DÚAS PROPOSTAS DO SEMINARIO DE LINGUA CASTELÁ

O pasado 13 de febreiro, o alumnado de 4º de ESO visitou A Coruña con dous obxectivos: coñecer a Casa Museo de Emilia Pardo Bazán e ver o funcionamento da Real Academia Galega, situada no mesmo edificio.

Despois de recibir información na Sala Principal da RAG sobre o funcionamento da institución, movéronse polos espazos da infancia e xuventude da escritora e escoitaron un dos seus contos máis representativos.

Unha semana máis tarde, o alumnado de 1º BAC acudiu ó Centro Cultural Ágora de A Coruña para ver unha representación de La discreta enamorada, de Lope de Vega. Puideron coñecer así, a través do espectáculo, trazos representativos das comedias barrocas, como o enredo amoroso ou o papel fundamental na acción do gracioso ou figura de donaire.

## COÑECEMOS A INDUSTRIA DA NOSA CONTORNA

O venres 17 de xaneiro os alumnos e alumnas do bacharelato científico asistimos a unha charla impartida polo Xefe de Producción da planta de Abengoa de Bioetanol de Teixeira. Nela explicounos como a partir de cereais se produce bioetanol (que logo se empregará como aditivo para gasolinas) e penso para gando vacún. Despois da charla achegámonos ata Teixeira para rematar a xornada cunha visita á planta.

## TRES NOVOS CONCURSOS CONVOCADOS POLO ENDL

Consulta as bases en [sondenoso.blogspot.com.es](http://sondenoso.blogspot.com.es) e participa na segunda edición de tres concursos convocados polo ENDL para este trimestre:

- Concurso de deseño de Galcamisetas
- Certame de Blogs escolares
- Concurso fotográfico Mira a túa contorna

## A NOSA BIBLIOTECA



O Equipo da Biblioteca Sarmiento segue a traballar día a día para que neste lugar profesorado e alumnado atopen un espazo de estudo, de investigación e de lectura.

Velaquí un resumo do noso traballo neste segundo trimestre:

Continuidade das tarefas de xestión.

Mantemento dos blogs relacionados coa labor da biblioteca (todos enlazados en [sarmientobiblioteca@blogspot.com](mailto:sarmientobiblioteca@blogspot.com)), con participacións do equipo da biblioteca, do alumnado e do resto do profesorado.

Continuidade do Club de Lectura Fendetestas.

Concurso Amor Omnia Vincit.

Encontro coa escritora Andrea Maceiras.

Encontro co ilustrador Paco Roca.

Exposición adicada ao Entroido.

Encontro co periodista e escritor Tucho Calvo.

Obradoiro E ti sabes ler... publicidade?

Adquisición de fondos (novidades e clásicos) a través das suxestións da comunidade educativa.

Recomendación de lecturas, para conmemorar a festividade do Día do Libro.

E unha vez máis, retomamos as palabras do gran A. Fernández Paz sobre eses maravillosos espazos que son as bibliotecas:

ABRE AS PORTAS... E ENTRA

## ENCONTRO CON ANDREA MACEIRAS




Cristian Morandeira, Iván Ares e Jesús Cabo entrevistan a Andrea Maceiras

# UN ENTROIDO DE CONTO



Ducias de dálmatas, a raposa e as uvas, Brancaneves e os sete ananos, príncipes que buscan desesperados a dona do zapato de cristal... O Entroido deste ano foi de conto!



## O PRIMEIRO CERTAME DE ENSAIO DO IES DE CURTIS XA TEN GAÑADORAS

Parabéns ás gañadoras do I Certame de Ensaio, convocado polo Seminario de Filosofía do IES de Curtis:

1º Premio: Alba Núñez Aldudo

2º Premio: Nuria Bello Barral

3º Premio: Antía Vázquez Camino

4º Premio: Vanesa Manteiga Souto

O traballo gañador publicarase proximamente nos blogs do centro. A entrega de premios realizarase á volta de Semana Santa.

## VISITAMOS A PLANTA POTABILIZADORA DA TELVA

Sabías que A Telva foi unha das primeiras plantas de España en tratar os lodos procedentes do proceso de potabilización da auga? Pois si. Primeiro sepárase o lodo da auga. Logo sécase para extraerlle a auga que lle queda, límpala e devólvela ao río. E os residuos restantes lévanse a xestores autorizados para ser tratados. Así minimízase o impacto ambiental derivado da potabilización.

Os alumnos e alumnas de 4º ESO A e PCI-2 viaxamos á Coruña para saber como é o proceso de potabilización da auga que se bebe na cidade e na súa área metropolitana.

## PEPERETADAS DO NOSO ENTROIDO



Cada ano a calidade e cantidade de sobremesas presentadas é maior. Parabéns a todos os participantes e, en especial, aos gañadores do concurso!

1º premio: Ramón Carreira, Lara Ayerbe, Andrea Boado e Sabela Freire. 2º premio: David Ares Crego. 3º premio: Valeria Caínzos, Paula Pintor, Noelia Fontecoba e Noelia Castro. Accésits: Santiago López Silva e Raúl Sánchez.

## OUTRAS VISITAS



Alumnado de 2º bacharelato no Arquivo do Reino de Galicia



O Alumnado de 1º ESO escoita con atención as explicacións sobre peixes e mariscos que lle dá un empregado do porto da Coruña.




O alumnado de 2º ESO visitou as instalacións do grupo empresarial La Voz de Galicia



Os alumnos e alumnas de 1º Ciclo da ESO patinamos sobre xeo e, malia as cuadas, divertímonos moito. Ese mesmo día visitamos na Coruña a Casa das Ciencias.

## RESULTADOS SEGUNDA AVALIACIÓN



## VIXÉSIMO PRIMEIRA SEMANA CULTURAL

*Amplamente superada a maioría de idade e próxima xa ás vodas de prata, a Semana Cultural do IES de Curtis acada a súa madurez.*

*Nesta edición que vén de rematar tivemos a oportunidade de gozar de múltiples actividades. Entre elas, a emisión dun telexornal, presentado polos alumnos de 2º de bacharelato María Fandiño e Daniel Lata, que achegaban unha visión lúdica e instrutiva da programación diaria*

*A variedade e calidade das xornadas foi notoria: proxección de filmes, relatorios impartidos por profesorado universitario e por investigadores do OARMA, obradoiros de poesía, de radio escolar, de fotografía, de linguaxe publicitaria e de impresión de camisetas; coloquio con cineastas; concertos musicais; charlas deportivas; encontros con escritores, con xornalistas e con cooperantes ucráinas; sesións formativas sobre vehículos híbridos, vehículos para rallyes ou caixas de cambio automatizadas; animación sociocultural e un longo etc. Entre os especialistas, nomes como Belén Regueira, Jorge Coira, Tucho Calvo, Yolanda Castaño, Narf, Víctor Santidrián, Teresa Amado, Antonio Caeiro, Pedro Pablo Campo Díaz, Dolores Seoane (ex alumna deste centro e campioa de España de fútbol sala feminino)... falan por si sos da calidade dunha formación que, dende a escola pública, podemos ofrecerlle estes días ao noso alumnado.*

*O equipo directivo trasládalle a súa gratitude ao conxunto da Comunidade Educativa, ANPA, concellos de Curtis e Mesía, Losán e Casa da Xuventude do concello de Curtis pola colaboración prestada.*

**Juan Carlos Fandiño**  
Director do IES de Curtis

**DIRECTOR**  
Juan Carlos Fandiño da Torre

**VICEDIRECTORA**  
Paula Ugarte Fernández

**XEFA DE ESTUDOS**  
Yolanda Suárez Martínez

**SECRETARIO**  
José Antonio Paz López

**ORIENTADORA**  
Josefina López Santos

**IES DE CURTIS**

Rúa Xermán de Castro s/n  
15310 Curtis (A Coruña)  
Tif 981786100  
Fax 981786298

[www.edu.xunta.es/centros/iescurtis](http://www.edu.xunta.es/centros/iescurtis)

equipo de  
normalización  
lingüística

ies de  
Curtis